Documento 2 de 6.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 13/11/15 9:49
Código de integridad (alg. SHA-256): 4eecd7572948f4699950d8bd916cc47db4be16ca1193dc6307b99350e59d74ef6
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 9/11/15 12:48
Código de integridad (alg. SHA-256): e2adf234e13a0f65d3255bd002a5e076988ccfb79661c56f59249f6c77ee467b
Página 1 de un total de 1 página(s), Versión imprimible con información de firma.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Concello de AMES

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de novembro de 2015, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SÉTIMO.- ADXUDICACIÓN DOS LOTES 1, 2 E 3 POLO PROCEDEMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICA MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN ORDINARIA DO *"SUBMINISTRO DE MAQUINARIA DE PARQUES E XARDÍNS"* DO CONCELLO DE AMES.

O señor alcalde informa que a Xunta de Goberno Local, en sesión do día 1 de outubro de 2015 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación polo procedemento aberto, oferta económica máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación ordinaria do *"Subministro de maquinaria de parques e xardíns"* do Concello de Ames.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao clasificado en primeiro lugar, así como ao resto dos licitadores.

Unha vez presentada polos clasificados en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, resulta procedente adxudicar os lotes 1, 2 e 3 do contrato de *"Subministro de Maquinaria de Parques e Xardíns"* do Concello de Ames.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos**:**

Primeiro.- Adxudicar os lotes 1, 2, e 3 do antedito expediente de licitación ás empresas que a continuación se indican e nas seguintes condicións:

Lote 1: 1 tractor segadora / cortacespede profesional gasolina de triturado / mulching e recollida con transmisión hidrostática a MAQUINARIA CASALONGA S.L., CIF B-15718489 polo seguinte prezo: 3.765,00 euros mais IVE (21%). O prazo de entrega será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da formalización do contrato.

Lote 2: 1 segadora / cortacespede autopropulsada a gasolina de 4 tempos, 6 desbrozadoras / motoguadañas a gasolina de 2 tempos profesionais ou forestais, 1 cortasetos a gasolina de 2 tempos, 1 motoserra de poda a gasolina de 2 tempos, 1 pértega de poda con espada e cadea a gasolina de 2 tempos a MAQUINARIA CASALONGA S.L., CIF B-15718489 polo seguinte prezo: 6.335,00 euros mais IVE (21%).O prazo de entrega será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da formalización do contrato.

Lote 3: 1 limpadora a alta presión de auga fría profesional a MAQUINARIA CASALONGA S.L., CIF B-15718489, polo seguinte prezo: 855,00 euros mais IVE (21%). O prazo de entrega será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da formalización do contrato.

Segundo.- Os adxudicatarios deberán cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para á mellor execución do acordado. "

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a seis de novembro de 2015, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde
José M. Miñones Conde

A secretaria

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925